



N.A.S. 2024
ONDAS


IX Festival de Música e das Artes do CSMVigo




XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DE VIGO

CSMV







Presentación

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMV), como xa é costume, presenta o IX Festival de Música e das Artes NAS ONDAS, que se desenvolverá entre o 20 de febreiro e o 11 de xuño de 2024.

NAS ONDAS ofrece nesta edición unha programación variada e interesante e seguimos a apostar polas nosas señas de identidade e as nosas liñas distintivas: a produción propia, a presenza de intérpretes procedentes de diferentes institucións europeas ou a posta en valor da música galega.

NAS ONDAS 2024 está composto por 41 eventos, gratuítos e de libre entrada ata completar o aforo dispoñible. No festival teñen cabida concertos, talleres, clases maxistras e ponencias. Como ven sendo habitual, artículase en distintos ciclos: De Piano, Semana da Música Antiga, V Semana Internacional do Clarinete, PercusiónFest, Saxornadas, Explurart, Abrente e Semana das Letras Galegas.

En NAS ONDAS 2024 o público que nos acompañe poderá escoitar parte do brillante alumnado e profesorado do CSMV, destacados músicos do pánorama galego así como acreditados intérpretes, docentes e conferenciantes do panorama nacional e internacional, entre os que cabe destacar o alumnado e profesorado que nos visita no marco do programa Erasmus+.

NAS ONDAS 2024 pon de manifesto unha vez máis o extraordinario dinamismo do CSMV, o seu interese e compromiso coa cultura e, sobre todo, a vontade de ofertar a sociedade unha programación musical de calidade que amose o impacto nacional e internacional do noso conservatorio e a excelencia do traballo desenvolto pola súa comunidade educativa.

Conservatorio Superior de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN

FEBREIRO

🎵 Martes 20, ás 20 h. (Auditorio Martín Códax)
Semana Internacional Erasmus. Docentes da Ukrainian National Tchaikovsky Academy of Music - Kiev.

SON ERASMUS

🎵 Xoves 22, ás 20 h. (Auditorio Martín Códax)
Semana Internacional Erasmus. Docentes da Kharkiv "I.P. Kotlyarevsky" National University Of Arts.

SON ERASMUS

🎵 Luns 26, ás 19 h. (Auditorio Martín Códax)
Gambistas de Sons das Flores. Un proxecto colaborativo entre a clase de viola da gamba do CSMVigo e a Orquestra Son das Flores.

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

🎵 Luns 26 e Martes 27,
Introducción á danza histórica e a súa aplicación práctica para músicos. Luns 26 de febreiro de 11 a 14 (Aula de Orquestra) e martes 27 de febreiro de 14 a 17 (Aula Martin Codax). Docente: Diego Ruenes.

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

🎵 Martes 27, ás 18 h. (Auditorio Martín Códax)
"Corpos Sonoros" Improvisacións entre a Música antiga e a Danza Contemporánea.

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

🎵 Mércores 28, ás 19 h. (Auditorio Martín Códax)
Recital de clave. Obras de Purcell, Bach, Scarlatti. Olha Dorsenko (clave).

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

🎵 Xoves 29, ás 20 h. (Auditorio Martín Códax)
Ye Gentle Spirit. Orquestra barroca do CSMVIGO, Dirección Pavel Amilcar e Rafael Muñoz.

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

MARZO

🎵 Luns 4, ás 20 h. (Auditorio Martín Códax)
When in silence of the soul. Fanny Mendelssohn e o seu tempo. Presentación do CD. Paula Ríos (piano)

DE PIANO

🎵 Martes 5, ás 20 h. (Auditorio Martín Códax)
Unha viaxe pianística. Cristina Redondo, Diana Lisnychyca e Nicolás Alén

DE PIANO

🎵 Mércores 6, ás 20 h. (Auditorio Martín Códax)
O piano na música Española. Mirta Arribas, David Buceta, Alba Feijoo, Sergio Rodriguez, Oscar Paniagua (piano), Livia Leal, Bohdana Khita (canto).

DE PIANO

🎵 Xoves 7, ás 20 h. (Relatorio Online)
"Dirixir e tocar... Todo é interpretar". Divertimentos con piano de Haydn e Mozart. Clases de piano de Nicasio Gradaille e de dirección de Javier Viceiro.

DE PIANO

🎵 Xoves 7, ás 20 h. (Relatorio Online)
"Harpichord Universe: Cultural Contexts of the Munich and Ukrainian Schools of Music" Olha Dotsenko (relatora).

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

🎵 **Venres 8, ás 20:30 h.** (Igrexa de San Francisco, O Berbés)
A Consort Fantasy, música para voz e consort de violas de Henry Puncell.
Consort de violas da Gamba do CSMVigo, Rafael Muñoz (arquilaúde) e Magna Ferreira. Sara Ruiz (dirección) Concerto en Colaboracion co II Festival de Música Antiga 'Ai Ondas' e a Asociacion Coro de Voces Graves de Vigo.

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

🎵 **Martes 12, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
ClariNext III. Concerto clarinete e piano: Javier Pousa Cabaleiro (clarinete) e Severino Ortiz Rey (piano)

V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE

🎵 **Mércores 13, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Concerto alumnado ERASMUS+ da V Semana Internacional do Clarinete.

V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE

🎵 **Xoves 14, ás 19:30 h.** (Auditorio Martín Códax)
Concerto profesorado convidado Erasmus +.

V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE

🎵 **Martes 19, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Semana Internacional Erasmus.

SON ERASMUS

🎵 **Xoves 21, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Semana Internacional Erasmus.

SON ERASMUS

ABRIL

🎵 **Xoves 4, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
«Sons de Proximidade» A fruta en Galicia e Portugal. Adriana Ferreira (fruta travesa), Fernando Raña Barreiro (grauta travesa) e Rasa Biveiniene Yakutyte (piano)

EXPLURART

🎵 **Xoves 11, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Tambatá. Carlos Docampo, Alberto López e Roi Adrio.
PERCUSIÓNFEST

🎵 **Venres 12, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Concerto Compartido. CMUS Profesional de A coruña, CMUS Profesional de Carballiño, CSM A Coruña, CMUS Profesional de Vigo e CSM Vigo.

PERCUSIÓNFEST

🎵 **Martes 16, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Semana Internacional Erasmus.

SON ERASMUS

🎵 **Xoves 18, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Semana Internacional Erasmus. Docentes do 'Kurmangazy Kazakh National Conservatory' (Kazaxistán)

SON ERASMUS

🎵 **Martes 23, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Aula de Saxofón do Cmus Profesional de Música de Vigo. Candela Teijeira Pérez, Inés Santana Vilar, Rubén Guerreiro Álvarez, Iago Ríos Monge e Diego Campo Meréns, Profesores: Patricia Cadaveira Martínez e Alexandre Gallego Medal.

SAXORNADAS

🎵 **Mércores 24, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Stage: Dúo Saxofón e Piano. Bruno Santos (saxofón baritono) Pablo Rodríguez (piano).

SAXORNADAS

🎵 **Xoves 26, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Recital de Saxofón. Juana Palop Tecles (saxofón) Pablo Rodríguez (piano).

SAXORNADAS

🎵 **Venres 26, ás 13 h.** (Auditorio Martín Códax)
Recital de Saxofón. Alvaro Collao de León.

SAXORNADAS

🎵 **Martes 30, ás 13 h.** (Auditorio Martín Códax)
... Música, onte-hoxe...
Manuel Morales (frauta) e Raúl Rodríguez (piano).

EXPLURART

MAIO

🎵 **Xoves 2, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Trío clarinete, violonchelo e piano.
Esteban Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo),
Cristina García (piano).

EXPLURART

🎵 **Luns 6, ás 19 h.** (Auditorio Martín Códax)
Orquestra do CMUS Profesional de Ourense. Raquel Carrera Álvarez (directora)

ABRENTE

🎵 **Martes 7, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Un percorrido pola América do S. XX.
Orquestra Sinfónica do CMUS Profesional de Santiago de Compostela, Carmen María Ferreiro Soto (directora).

ABRENTE

🎵 **Mércores 8, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Coro do CSMVigo.
Amalia Guerrero Rocha (directora).

ABRENTE

🎵 **Xoves 9, ás 18 h.** (Auditorio Martín Códax)
Orquestra Sinfónica do CSMVigo.
Juan Carlos Díaz (director).

ABRENTE

🎵 **Xoves 9, ás 18 h.** (Auditorio Martín Códax)
Banda de Música do CSMVigo. Juan Carlos Díaz (director) Javier Jurado Luque (presentación).

ABRENTE

🎵 **Martes 14, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Concerto da poesía musicada.
Departamentos de Canto, IMTP, Producción e Xestión e Equipo Dinamización da Lingua Galega.

LETRAS GALEGAS

🎵 **Martes 16, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Oito séculos de guitarra galega.
Isabel Rei Samartim (guitarra e comentarios).

LETRAS GALEGAS

🎵 **Martes 21, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
A frauta e a arpa en Galicia. Fernando Raña (frauta travesa) e Alba Barreiro (arpa).

LETRAS GALEGAS

🎵 **Xoves 23, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
'D. Shostakovich: Sinfonía nº 15, en La maior, Op. 141. Mario Peris (violín), Alvaro Quintanilla (violonchelo), Nicasio Gradaille (piano), Carlos Catro, David Rodríguez e Pablo Soto (percusión).

EXPLURART

🎵 **Martes 28, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
"QUEL SQUARDO". Beatriz Arenas (soprano) e Diego Ruenes (clave).

EXPLURART

🎵 **Xoves 30, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Conversacións Románticas.
Mario Peris (violín), Vanila Collazo (violín), Laura Puga (viola), Alvaro Quintanilla (violonchelo). Severino Ortiz (piano) e José Antonio Campo (tenor).

EXPLURART

XUÑO

🎵 **Martes 4, ás 20 h.** (Auditorio de Praza do Rei)
Concerto de premiados do X Concurso de Música de Cámara do CSMVigo.


ABRENTE

🎵 **Martes 11, ás 20 h.** (Auditorio Martín Códax)
Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2023-24.


ACTO GRADUACIÓN

Martes, 20 de febreiro de 2024, 20:00 h..
(Auditorio Martín Códax do CSMV)

RECITAL DE DOCENTES DA UKRAINIAN NATIONAL TCHAIKOVSKY ACADEMY OF MUSIC – KIEV



Anatoly Bazhenov posúe todos os premios máis altos de Ucraína: é o gañador do premio estatal do nome de T. Shevchenko, o artista do pobo, profesor da Academia Nacional de Música. (2009-2015, dende 2024 xefe da sección de violín).



Anton Kushnir é o profesor de clase de frauta, decano da facultade de instrumentos orquestrais da Academia Nacional de Música de Tchaikovsky de Ucraína (UNTAM), doutor, autor de estudos científicos con cuestións de historia, teoría e métodos de interpretación na frauta.

A. Kushnir combina con éxito a actividade pedagóxica e a variada actividade escénica: é solista da Orquestra Sinfónica da Filharmónica Nacional de Ucraína.



Maria Pukhlianko é artista de honra de Ucraína, laureada en concursos internacionais de piano, doutora en filosofía (PhD), profesora da Academia de Música de Verán (co patrocinio do Concurso Internacional para mozos pianistas en memoria de Vladimir Horowitz), profesora asociada na Academia Nacional de Música Tchaikovsky de Ucraína (UNTAM).



Kateryna Polianska é profesora de violonchelo e cuarteto na Academia Nacional de Música Tchaikovsky de Ucraína e ten o prestixioso título de Mérito Artístico de Ucraína. Kateryna é laureada do Concurso Internacional Lysenko (1997). É doutora en música e ciencias filosóficas.



Kateryna Bazhenova ten o prestixioso título de Mérito Artístico de Ucraína, solista de órgano e música de cámara de Ucraína e profesora de música de cámara na Academia Nacional de Música Tchaikovsky de Ucraína. Tamén actúa internacionalmente en Europa, Xeorxia, Xapón, Canadá, etc. como acompañante e intérprete de cámara con famosos músicos de Ucraína e estranxeiros.

Bohdan Rumiantsev é violonchelista e pianista. Estudou no Mariupol Music College desde 2012 ata 2016. En setembro de 2022, foi nomeado xefe da oficina de relacións internacionais e coordinador de relacións internacionais da Academia Nacional de Música Tchaikovsky de Ucraína.

PROGRAMA

1ª PARTE

Gaspar Cassadó. *Serenade*

Kateryna Polianska (Cello)
Kateryna Bazhenova (Piano)

Borys Lyatoshynskyj. *Melody*

Kateryna Polianska (Cello)
Kateryna Bazhenova (Piano)

Friedrich Kuhlau. *Grand Trio (op. 119, 1 movement.)*

Manuel Morales (Flute)
Anton Kushnir (Flute)
Mariia Pukhlianko (Piano)

Kostiantyn Vilensky. *Suite for flute and piano*

Anton Kushnir (Flute)
Mariia Pukhlianko (Piano)

Mykola Kolessa. *Kolomyika (arr. for flute and piano)*

Anton Kushnir (Flute)
Mariia Pukhlianko (Piano)

Myroslav Skoryk. *“Dance” from the “Hutsul triptych” (arr. for flute and piano)*

Anton Kushnir (Flute)
Mariia Pukhlianko (Piano)

Ludwig van Beethoven. *Bagatelle (Op.33 Nº7)*

Mariia Pukhlianko (Piano)

Mykola Lysenko. *Barcarole*

Mariia Pukhlianko (Piano)

Ignacy Jan Paderewski. *Menuet (Op.14 Nº7)*

Mariia Pukhlianko (Piano)

Bohuslav Martinu. *Trio for flute, cello and piano (Op. 63, final)*

Anton Kushnir (Flute)
Kateryna Polianska (Cello)
Mariia Pukhlianko (Piano)

Moris Ravel. *Tzigane (violin and piano)*

Anatoliy Bazhenov (Violin)
Kateryna Bazhenova (Piano)

Valentyn Silvestrov. *Barcarole for violin and piano (dedicated to Anatoliy Bazhenov)*

Anatoliy Bazhenov (Violin)
Kateryna Bazhenova (Piano)

David Popper. *Suite for 2 Cellos (Op. 16)*

Kateryna Polianska (Cello)
Bohdan Rumiantsev (Cello)

Fritz Kreisler. *Marche miniature Viennoise*

Anatoliy Bazhenov (Violin)
Kateryna Polianska (Cello)
Kateryna Bazhenova (Piano)

SON ERASMUS



Xoves, 22 de febreiro de 2024, 20:00 h.
(Auditorio Martín Códax do CSMV)

RECITAL DE DOCENTES DA KHARKIV “I.P. KOTLYAREVSKY” NATIONAL UNIVERSITY OF ARTS

O dúo de piano formado por Ihor Sediuk e Oleh Kopeliuk, ambos son profesores asistentes do departamento de Piano da Kharkiv “I.P. Kotlyarevsky” National University Of Arts, doutores e gañadores de diferentes concursos internacionais a solo e a dúo.

Estudaron o seu máster na Kharkiv “I.P. Kotlyarevsky” National University Of Arts (KhNUA) no ano 2012, estudando na clase do renombrado profesor, doutor e presidente da Kharkiv “I.P. Kotlyarevsky” National University Of Arts o Dr. Tetyana Vyerkina. Baixo a súa supervisión, estudaron como asistentes de posgrao en KhNUA ata 2015. En 2018 ambos se graduaron no estudo de posgrao científico de KhNUA.

PROGRAMA

1ª PARTE

Frantz Schubert Fantasy in f-moll for piano 4 hands

Antonin Dvorak *Slavonic Dance in E minor op.72 Nº 2 for piano 4 hands*

Sergei Bortiewicz *Ballade cis-moll op. 42 (interpretado por Oleh Kopeliuk)*

Mykola Lysenko *Elegia (interpretado por Ihor Sediuk)*

Vladimir Ptushkin *Ostinato (interpretado por Ihor Sediuk)*

Johannes Brahms *Hungarian Dances (Book 1) for piano 4 hands*

2ª PARTE

Maurice Ravel *Introduction and Allegro for Two pianos*

Kirimo Lintinen *Hintze Tanze for Two pianos*

Dmytro Malyi *Passacaglia “The Last Song of the Angel” for Two pianos*

Lyudmila Shukaylo *Dyptych for Two pianos*

Witold Lutoslawski *Variations on a theme by Paganini for Two pianos*

Greg Anderson *Carmen Fantasy for Two pianos*

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Luns 26 de febreiro de 2024, 19:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

GAMBISTAS DE SON DAS FLORES

Un proxecto colaborativo entre a clase de viola da gamba do CSMVigo e a Orquestra Son das Flores

Ámbar Noguera, Amina Hladii, Miranda García, Estefi Cracau, Alex Cracau, gambistas de Son das Flores (7-9 años); Anna Lodone, Marcelo Rubio, Álvaro González, Sara Ruiz, profesores



A Orquestra Son das Flores é un proxecto que emprega a música como ferramenta de desenvolvemento persoal e transformación social. O proxecto foi posto en marcha no CEIP Vicente Risco no ano 2021 e dende entón os nenos e nenas que participan nel teñen a posibilidade de aprender a tocar o violín, a viola, o violonchelo, o contrabaixo ou a viola da gamba e formar parte dunha orquestra na que ademais de traballar en todos os aspectos musicais, tamén se traballan valores como o respecto, o traballo en equipo, a empatía, a solidariedade, etc.

A clase de viola da gamba do CSMVigo colabora dende o inicio coa orquestra ofrecendo instrumentos en préstamo para os pequenos gambistas e a posibilidade de recibir clases individuais impartidas por o alumnado de viola da gamba do CSMVigo. Deste xeito, ademais do beneficio que presenta para os rapaces e as rapazas a atención personalizada de cara aprender a tocar o seu instrumento, o alumnado de viola da gamba do CSMVigo ten a posibilidade de formarse como docentes baixo a supervisión da profesora Sara Ruiz.

Dende a súa creación, xa participaron dezasete nenos e nenas neste programa. Con este concerto queremos reivindicar a creación dunha clase de viola da gamba no Conservatorio Profesional de Música de Vigo para que os e as violagambistas de Son das Flores teñan a posibilidade de estudar no futuro nun centro oficial e continuar a súa formación musical.

PROGRAMA

a determinar




SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Luns 26 e martes 27 de febreiro de 2024
(Auditorio Martín Códax do CSMV)

INTRODUCCIÓN Á DANZA HISTÓRICA E A SÚA APLICACIÓN PRÁCTICA PARA MÚSICOS

Luns 26 de febreiro de 11 a 14 (Aula de Orquestra) e martes 27 de febreiro
de 14 a 17 (Auditorio Martín Códax). Docente: Diego Ruenes

Que a música e a danza son dúas disciplinas que camiñaron da man ao longo da historia é algo que ningún de nós discutiría, pero iso non quere dicir que a maioría dos músicos actuais o teñan en conta. Durante este obradoiro analizaremos o contexto da música e da danza no Renacemento e no Barroco, estudaremos as danzas da suite, o seu carácter e, finalmente, levaremos parte dos coñecementos obtidos na práctica. Sendo un curso impartido por un músico para músicos, o obxectivo final non é poder bailar unha coreografía nin facer os pasos dun baile á perfección, senón poder aplicar ás nosas actuacións os coñecementos que podemos extraer da danza e do movemento. Unha parte do obradoiro impártese de xeito teórico, para explicar diferentes elementos relacionados coas danzas, mentres que a outra parte será práctica, na que aprenderemos algúns pasos básicos das danzas renacentistas e barrocas e na que o alumnado poderá probar a aplicar os coñecementos nos seus propios instrumentos.



SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Martes 27 de febreiro de 2024, de 18:00 h. a 20 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

“CORPOS SONOROS” IMPROVISACIÓNS ENTRE A MÚSICA ANTIGA E A DANZA CONTEMPORÁNEA



Corpo de Danzantes:

Alejandra Balboa (Coordinación Danza)
Marcia Vázquez
Diego Buceta
Fran Buceta
Martín Los Arcos
Olga Cameselle

Corpo de Músicos:

Pavel Amilcar violín (Coordinación Música)
Viktoriiia Salo violín
Alejandro Parra violín

Ana Martínez viola
Anna Lodone viola da gamba
Álvaro Gonzales viola da gamba
Marcelo Rubio viola da gamba
Alejandro Duran teorba
Adrián Esperón guitarra barroca
Victor Blanco López vihuela
Rafael Muñoz archilaúd
Laura Gil contrabajo
Diego Ruenes clavecín
Violeta Tin órgano



SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Mércores, 28 de febreiro de 2024, 19:00 h.
(Auditorio Martín Códax do CSMV)

RECITAL DE CLAVE. OBRAS DE PURCELL, BACH, SCARLATTI

Olga Dotsenko, clave

Olga Dotsenko naceu en 1998 en Kharkiv (Ucráina) no seno dunha familia de músicos. Graduouse con honores na Universidade Nacional das Artes de Kharkov acadando o título de Grao (2019), Máster (2021) na clase de Svetlana Zakharova (piano) e Doctorado (2022) na clase de Igor Sedyuk (piano). Ademais foi premiada en numerosos concursos internacionais e participou en diversos festivais en Italia, Austria, Hungría, Ucraína e Serbia.

Dende 2022 Olga estuda na Universidade de Música e Teatro de Munich no Departamento de Interpretación Históricamente Informada, na clase de Christine Schornsheim (piano histórico) e na clase de Michael Ebert (clave e clavicordio)

En 2023, Olga foi seleccionada por medio dun concurso para participar nos "Offene Workshops und Konzerte Orpheus Historical Piano Summer Academy" en Gante (Bélxica) onde realizou unha gravación da Sonata en Sol Maior, K283 de Mozart (Munich, 1775) no Royal Salon, D'Hane-Steenhuysse.

PROGRAMA

Henry Purcell (1659-1695) *Ground in c-moll*

C.P.E. Bach (1714-1788) *Sonata No.3 Wq. 50, a-minor*

J.S. Bach (1685-1750) *Partita No.2 BWV 826, c-minor*

Domenico Scarlatti (1685-1757)

Sonata in E-Major, K. 380

Sonata in f-minor, K. 446

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Xoves, 29 de febreiro de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

YE GENTLE SPIRITS

Orquestra barroca do CSMVigo e solistas da clase de canto do CSMVigo.
Dirección: Pavel Amilcar e Rafael Muñoz

Pavel Amilcar, Viktoriia Salo, violíns primeiros

Alex Parra, Clara Lorenzo, violíns segundos

Ana Martínez, viola

Álvaro González, Marcelo Rubio, Anna Lodone, violas da gamba

Laura Gil, Contrabaixo

Rafael Muñoz, arqui-laude

Adrián Esperón, laúde barroco


Alejandro Rodríguez, tiorba

Víctor Blanco, guitarras barrocas

Violetta Tin e Avelino Vázquez, clave e órgano

Diego Ruenes, couch continuo claves

Pavel Amilcar e Rafael Muñoz, dirección



DE PIANO

Luns, 4 de marzo de 2024, 20:00 h.
(Auditorio Martín Códax do CSMV)

WHEN IN SILENCE OF THE SOUL. FANNY MENDELSSOHN E O SEU TEMPO

Luns 26 de febreiro de 11 a 14 (Aula de Orquestra) e martes 27 de febreiro
de 14 a 17 (Auditorio Martín Códax). Docente: Diego Ruenes



«When in silence of the soul» (Eudora) é un retrato de Fanny Mendelssohn, hoxe recoñecida como protagonista do s.XIX. A súa obra mostra unha artista brillante, forte e libre, rodeada das mellores mentes do seu tempo. O CD recolle a recuperada Ostersonate, magnífica obra experimental antes atribuída ao seu irmán Felix, e primeiras gravacións. Paula Ríos actúa como solista en Europa, e grava para RTVE, Radio Suisse Romande, TVG e IB3. O CD «Chopin en Mallorca» (Museo Chopin) foi presentado co piano do compositor en Londres. Realiza proxectos con pianos históricos. «Cantar con los dedos» (Calanda) está dedicado a Chopin e Bellini. Paula investiga o nacionalismo e as vangardas en España. «Viento de Plata» (Columna) recupera a obra de Xesús Bal y Gay e Rosa García Ascot.

Paula finaliza con Premio Fin de Carreira no CSM de Vigo con Constantino Pérez e continúa na Musik- Akademie der Stadt Basel con László Gyimesi e Rudolf Buchbinder. Complementa a súa formación con Claudio Martínez-Mehner e en clases maxistras de Elisabeth Leonskaja, Alicia de Larrocha e Piotr Anderszewski. Obtén bolsas da Schweizerische Interpretationstiftung, Lyra Stiftung, Fundación Gil Dávila, Fundación Pedro Barrié de la Maza e Caixanova.

PROGRAMA

1ª PARTE

Fanny Mendelssohn-Hensel (1805-1847)

Vier Lieder für das Pianoforte Op.8 (1846)

Lied. Allegro moderato

Lied. Andante con espressione Lied. Larghetto

Wanderlied. Presto

Clara Wieck-Schumann (1819-1896)

Quatre Pièces Fugitives Op.15 (1845)

Larghetto

Un poco agitato Andante espressivo Scherzo

Franz Liszt (1811-1886)

Mephisto Vals Nº1. Danza na taberna da aldeia (1861)

2ª PARTE

Fanny Mendelssohn-Hensel (1805-1847)

Villa Medici. Allegro maestoso H-U 353 (1840)

Frédéric Chopin (1810-1849)

Deux Nocturnes Op. 27 (1836)

1. Larghetto

2. Lento sostenuto

Fanny Mendelssohn-Hensel (1805-1847)

Villa Medici. Allegro maestoso H-U 353 (1840)

Frédéric Chopin (1810-1849)

Deux Nocturnes Op. 27 (1836)

1. Larghetto

2. Lento sostenuto

DE PIANO

Martes, 5 de marzo de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

UNHA VIAXE PIANÍSTICA

Cristina Redondo, Diana Lisnycha e Nicolás Alén

Neste concerto realizaremos unha viaxe a través da literatura pianística da man destes tres alumnos de Piano do Conservatorio Superior de Vigo.



PROGRAMA

a determinar




DE PIANO

Mércores, 6 de marzo de 2024, 20:00 h.
(Auditorio Martín Códax do CSMV)

O PIANO NA MÚSICA ESPAÑOLA

Mirta Arribas, David Buceta, Alba Feijoo, Sergio Rodriguez,
Oscar Paniagua (piano), Livia Leal, Bohdana Khita (canto)



“Non hai teoría, simplemente escoita. A fantasía é a lei” (Claude Debussy)

PROGRAMA

J. Turina (1882 – 1949) *Danzas gitanas op 55*

Zambra
Danza de la seducción
Generalife
Sacromonte

Sergio A. Rodriguez

I. Albéniz (1860 - 1909) *Evocación*

Alba Feijoo

E. Granados (1867 – 1916) *Allegro de concierto*

Mirta Arribas

M. Falla (1876 – 1946) *Aragonesa, Andaluza*

David Buceta

I. Albéniz (1860 - 1909) *El Albaicín*

E. Granados (1867 – 1916) *Los requiebros*
Oscar Paniagua

X. Montsalvatge (1912 – 2002) *Cuba dentro de un piano.*
Punto de Habanera. Canción de cuna para dormir a un negrito

Mirta Arribas (piano) e Livia Leal (soprano)

J. Rodrigo (1901 – 1999) *Madrigales amatorios*

Con qué la lavaré
Vos me matasteis
De los álamos vengo

Oscar Paniagua (piano) e Bohdana Khita (soprano)



DE PIANO

Xoves, 7 de marzo de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

“DIRIXIR E TOCAR... TODO É INTERPRETAR” DIVERTIMENTOS CON PIANO DE HAYDN E MOZART

Clases de piano de Nicasio Gradaille e de dirección de Javier Viceiro: Miguel Montes Cal, Carmen Bargiela Casasnovas, LejlaSulejmanovic, José García González, Nicasio Gradaille (Piano) e alumnos da clase de dirección de Javier Viceiro.



Coordinados por Nicasio Gradaille (profesor de piano) e Javier Viceiro (profesor de dirección), os alumnos destas dúas clases participan neste proxecto colaborativo e interdisciplinar que favorece a experiencia de interpretar, ben como solista, ben como director aos instrumentistas participantes. Sexa dirixindo ou tocando todos aprenden do traballo interpretativo en conxunto. Para esta experiencia escollimos unha selección dos Divertimentos con piano de Joseph Haydn e Wolfgang Amadeus Mozart (tamén chamados Concertinos ou Concertos) escritos para unha pequena formación de 2 violíns, violonchelo e piano, que adaptamos ás necesidades particulares do proxecto. Os de Haydn son obras de xuventude, sen grandes pretensións (mais non por eso exentas dunha grande beleza), que están a cabalo entre a música concertante e a de cámara. Os de Mozart, máis elaborados, son arranxos para piano e cordas de sendas sonatas de Johann Christian Bach, ás que engade o acompañamento de cordas, modifica algunhas seccións e escribe cadencias orixinais.

PROGRAMA

J. Haydn (1732-1809) *Concertino en Do maior para piano, dous violíns e baixo, Hob XIV:3*

- I. Allegro moderato
- II: Menuetto
- III. Allegro di molto

W. A. Mozart (1756-1791) *Concerto en Re maior para piano e ensemble, KV 107:1 (sobre a Sonata en re maior para teclado de J. C. Bach (1735-1782)*

- I. Allegro
- II. Andante
- III. Tempo di Menuetto

J. Haydn (1732-1809) *Concertino en Sol maior para piano, dous violíns e baixo, Hob XIV:13*


- I. Allegro moderato
- II: Adagio
- III. Finale

W. A. Mozart (1756-1791) *Concerto en Sol maior para piano e ensemble, KV 107:1 (sobre a Sonata en re maior para teclado de J. C. Bach (1735-1782)*

- I. Allegro
- II. Allegretto (Tema e variacións)

J. Haydn (1732-1809) *Concerto en Fa maior para violín, piano e cordas, Hob XVIII:6*

- III. Finale: Presto






SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Xoves, 7 de marzo de 2024, 15:00 h.
Relatorio Online

“HARPSICHORD UNIVERSE: CULTURAL CONTEXTS OF THE MUNICH AND UKRAINIAN SCHOOLS OF MUSIC”

Olha Dotsenko, Ponente.



SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Venres, 8 de marzo de 2024, 20:30 h.
Igrexa de San Francisco (O Berbés-Vigo)

A CONSORT FANTASY, MÚSICA PARA VOZ E CONSORT DE VIOLAS DE HENRY PURCELL

Consort de violas da Gamba do CSMVigo, Rafael Muñoz (archilaúd) e Magna Ferreira.

Sara Ruiz (dirección)

Concerto en colaboración co II Festival de Música Antigua Ai Ondas e a Asociación Coro de voces Graves de Vigo



O Consort de violas da gamba do CSMVigo ofrece un concerto titulado A Consort Fantasy, un percorrido polas fantasías para violas da gamba de Henry Purcell e repertorio vocal extraído de diferentes traballos do compositor inglés. Para este concerto, o Consort de violas do CSMVigo conta coa colaboración da soprano Magna Ferreira, que imparte un curso de canto histórico no centro durante estes días.

Magna Ferreira

Soprano, directora e compositora graduada na ESMAE de Porto con estudos de Master na Universidade do Minho e na Schola Cantorum Basilensis. Como directora participou na dirección artística na capitalidade cultural de Guimarães, foi directora do proxecto “Voces do Románico”, e grabou varias estreas de compositores portugueses. Como soprano actuou en Europa e parte de América Latina e grabou para moitas radios. Como compositora, Magna escribiu traballos para Teatro Bruto, Otra Voz e presentou “Tempus Fugit” no Vivarium Festival de Porto. É profesora de canto histórico na ESMAE de Porto e ten colaborado en moitos centros formativos europeos e impartido numerosas masterclasses e cursos.

PROGRAMA

a determinar

V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE

Martes, 12 de marzo de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

CLARINEXT III

Concerto clarinete e piano: Javier Pousa Cabaleiro (clarinete) e Severino Ortiz Rey (piano)



ClariNext nace coa firme intención de converterse nun espazo de (re)encontro de diferentes xeracións de clarinetistas cuxa etapa formativa estivo vencellada á aula de clarinete do CSMVigo.

Inserto no seo da Semana Internacional do Clarinete do CSMVigo, ClariNext III da nome á terceira proposta do proxecto que seguirá a ter solución de continuidade nas vindeiras edicións da Semana Internacional do Clarinete tentando ser unha mostra representativa da proxección e o nivel artístico acadado polo alumnado egresado da especialidade de clarinete do noso centro.



Javier Pousa

Natural de Vigo, comeza a súa andaina musical na Escola de Música de Bembrive. Posteriormente realiza os estudos profesionais de clarinete no Conservatorio Profesional Víctor Ureña (Redondela) con Laura García Medraño. Continúa no Conservatorio Superior de Música de Vigo da man de Roberto Noche García cursando o Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores conseguindo o Premio Extraordinario Fin de Carreira de Galicia no curso 2022/23 xunto á Matrícula de Honra no seu Traballo Fin de Carreira. Comezou entón unha nova etapa cursando o Máster en Clarinete con José-Franch Ballester na British Columbia University en Vancouver.

Formou parte da bolsa de músicos da Joven Orquesta Nacional de España, Joven Orquesta Leonesa, Joven Orquesta de Extremadura, Ljubljana International Orchestra e Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música de Galicia entre outras.

PROGRAMA

Igor Stravinsky (17 xuño 1882 – 6 abril 1971)
3 Pezas para clarinete solo

- I. ♩ = 52
- II. ♩ = 168
- III. ♩ = 160

Francis Poulenc (7 xaneiro 1889 – 30 xaneiro 1963)
Sonata for Clarinet in Bb and piano

- I. Allegro tristamente
- II. Romanza
- III. Allegro con fuoco

Claude Debussy (22 agosto 1862 – 25 marzo 1918)
Première rhapsodie, L. 116

Eligio Vila (1 xaneiro 1943)
Escenas lúdicas

- I. ♩ = 66
- II. ♩ = 82
- III. ♩ = 56

Charles-Maria Widor (21 febreiro 1844 – 12 marzo 1937)
Introduction et Rondó pour clarinette et piano op. 72

SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

Mércores, 13 de marzo de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

CONCERTO ALUMNADO ERASMUS+ DA V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE

Ao elenco de alumnado procedente de institucións europeas coas que o noso centro ven traballando no marco do programa Erasmus+ únense neste recital unha pequena mostra do alumnado de Grao e Máster do curso actual para ofrecer un repertorio variado de pequenas pezas e movementos de obras de estilos diversos.

Para finalizar o evento, todos os participantes (alumnado e profesorado) da V Semana Internacional do Clarinete xuntaranse para formar un gran Ensemble de Clarinetes e interpretar xuntas algunhas pezas do repertorio habitual desta formación instrumental.

No marco das actividades da V Semana Internacional do Clarinete (2024) ten lugar este evento no que alumnado invitado no marco do programa Erasmus+ ofrecerá un programa de concerto cun repertorio variado, tanto na súa proposta estilística como na configuración das propias agrupacións camerísticas.

Desde a aula de clarinete do Conservatorio Superior de Música de Vigo vimos ofrecendo ao noso alumnado a posibilidade de participar activamente en experiencias musicais compartidas (BIP, Blended Intensive Program) xunto a outros conservatorios europeos. Deste xeito, no curso actual xa se teñen creado sinerxias moi positivas co alumnado da Fontys School of Fine and Performing Arts (Tilburg), Koninklijk Conservatorium Antwerpen, Universidade do Minho (Braga), Estonian Academy of Music and Theatre (Tallin), Conservatorio Claudio Monteverdi (Cremona), Conservatorio di Musica Umberto Giordano di Foggia (sede Rodi Garganico) e Conservatorio Carlo Gesualdo Da Venosa (Potenza), os tres últimos de Italia.

Seguindo a mesma liña dos proxectos anteriores, nesta V Semana Internacional do Clarinete, o Conservatorio Superior de Música de Vigo invita e acolle como novidade, ademais de alumnado destes conservatorios, ao pertencente á The Krzysztof Penderecki Academy of Music in Kraków (Polonia).



PROGRAMA

Intervencións de clarinete solo e clarinete con piano:

Programa a determinar que será presentado ao público durante o concerto

Ensemble de clarinetes

Director: Juan Carlos Díaz

Giacomo Puccini (22 decembro 1858 – 29 novembro 1924) / **Walter Farina (arr.)** *Puccini for Clarinet*

Van der Roost (1 marzo 1956-) *Rikudim 4 Israeli Folk-dances*

Gerónimo Jiménez (10 outubro 1854 – 19 febreiro 1923) / **José L. Taboada Areán (arr.)** *La boda de Luís Alonso – Intermedio*

V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE

Xoves, 14 de marzo de 2024, 19:30 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

CONCERTO PROFESORADO CONVIDADO ERASMUS+



Teddy Ezra – clarinetes históricos (Staatliche Hochschule für Musik Trossingen)
Chen Halevi – clarinete (Staatliche Hochschule für Musik Trossingen)
Barbara Borowicz – clarinete (Music Academy in Krakow)
Csaba Pálfi – clarinete (Liszt Ferenc Academy of Music in Budapest)
Anton Dressler – clarinete (Conservatorio di Musica Claudio Monteverdi – Cremona)
Roberto D'Urbano – clarinete (Conservatorio "Carlo Gesualdo da Venosa" – Potenza)
Lorenzo Coppola – clarinetes históricos (Escola Superior de Música de Catalunya)
Severino Ortiz – piano (Conservatorio Superior de Música de Vigo)
Imre Dani – piano (Liszt Ferenc Academy of Music in Budapest)

Como broche final da V Semana Internacional de Clarinete, esta edición do 2024 ofrece un programa estilisticamente heteroxéneo que será interpretado polo conxunto do profesorado invitado.

O nivel de coñecemento e especialización de cada un deles, engadido a amplísima experiencia que demostraron no traballo co alumnado durante estes días poderase apreciar a través do altísimo nivel artístico das súas interpretacións.

Cada peza será presentada e explicada brevemente por cada intérprete seguindo a filosofía de achegar as nosas músicas ao público coa finalidade dunha maior comprensión e desfrute das mesmas.

PROGRAMA

a determinar

SON ERASMUS

Martes, 19 de marzo de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

SEMANA INTERNACIONAL ERASMUS DOCENTES BALSANES OCCIDENTALES (BOSNIA HERZEGOVINA)

Recital de canto e piano a cargo de docentes da Academia de Música de Sarajevo (Bosnia Herzegovina)
Verdana Simic (Soprano) e Milan Lucic (Piano)



PROGRAMA

UN VIAGGIO D'AMORE

Paolo Tosti (1846–1916)
Sogno
Ideale

Giacomo Puccini (1858–1924)
Terra e mare
Ad una morta!
Sogno d'or

Mirko Petrović Njegoš (1879-1918)
Tri napjeva
Izgubljena sreća
Moja igra
Na Liparu

Jakov Gotovac (1895–1982)
Pjesme čeznuća op. 21
Mornareva ljubá
Žalba na zemlju
S dragim u svijet

Emil Cossetto (1918-2006)
Canciones sefardita de Bosnia
Los Moricos Cantan
Noches, Noches
Durme, Durme
Adios Querida



SON ERASMUS

Xoves, 21 de marzo de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

SEMANA INTERNACIONAL ERASMUS DOCENTES BALCANES OCCIDENTALES (BOSNIA HERZEGOVINA)

Recital de frauta e piano a cargo de docentes da Academia de Música
de Sarajevo (Bosnia Herzegovina)
Mirna Mlikota (Soprano) e Milan Lucic (Piano)



PROGRAMA

Milan Prebanda (1957-)
Bosanski Pastoral for flute and piano

Milan Jeličanin (1976) *Triptih for flute and piano*

Avdo Smailović (1963) *Fantasia for flute and piano*

Hanan Hadžajlić (2024) *Three etudes for contemporary flutist*

Po(p)lyphony
Diaphragm Building
Caleidoscope – the body


Hanan Hadžajlić (2016) *Duet for solo flute*

EXPLURART

Xoves, 4 de abril de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

«SONS DE PROXIMIDADE». A FRAUTA EN GALICIA E PORTUGAL.

Adriana Ferreira (fruta travesa), Fernando Raña Barreiro (fruta travesa) e Rasa Biveiniene Yakutyte (piano)



Adriana Ferreira: Nacida en Cabeceiras de Basto, Portugal, é frautista solista da Orquesta Santa Cecilia de Roma. Premiada nos concursos máis prestixiosos (Carl Nielsen, Kobe, Xenebra, Severino Gazzelloni), ten colaborado como fruta principal invitada coa Chamber Orchestra of Europe, Les Dissonances, Filarmónica della Scala de Milán, Sinfónica da Radio Finlandesa, entre outras; ademáis, toca regularmente coa Orquestra XXI, unha orquestra que reúne a músicos portugueses que viven no estranxeiro.



Fernando Raña: Nace en Pontesampaio en 1970 e remata os seus estudos no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid coas máximas cualificacións no ano 1988. Posteriormente acada o Performers Diplomation da Guilhald School of Music and Drama de Londres. Estudou con Magdalena Martínez e recibiu clases maxistras de Kate Hill ou Alain Marion. Na actualidade, é catedrático no Conservatorio Superior de Música de Vigo tras desenvolver esta tarefa pedagóxica en Xixón e Coruña.



Rasa Biveiniene: Profesora de Grao Superior natural de Kaunas, finaliza a súa formación na Academia Nacional de Música e Teatro de Lituania, onde recibe clases de piano coa prestixiosa profesora O. Steinberg. Tras esta etapa formativa, incorpórase ao claustro de profesores da Academia Nacional de Música e Belas Artes simultaneando as cátedras de piano e acompañamento. Dende o 2000 reside en España, exercendo a súa labor docente na actualidade no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

PROGRAMA

J. Durán (1960)
Improvisación en forma de muiñeira (2021)

E. Vila (1943)
Estruturas Metamórficas para fruta soa, Op. 39 (2022)

E. Vila (1943)
Sonata para fruta e piano (2009)
I.Andante
II.Adagio
III.Allegro
IV.Andante spirituale

J. Vianna da Motta (1868-1948) *Romance* (1893)

A. Delgado (1965) *The Panic Flirt para fruta soa* (1992)

E. Carrapatoso (1962)
Fantasia para fruta e piano (2001-2012)
I.Vivo
II.Lento (canção sen palabras)
III.Dança de Anitra

J. Durán (1960)
Tres pezas breves para duas frutas e piano (2019)
I.Contemplativo
II.Burlesco
III.Activo

PERCUSIÓNFEST

Xoves, 11 de abril de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

TAMBATÁ

Carlos Docampo, Alberto López e Roi Adrio



Somos un grupo de tres colegas unidos polo amor ás Percusións Étnicas de varias procedencias, que fai xa mais de cinco anos, comezamos a facer xuntanzas para meternos un pouco mais en fonduras do que se coñece como Percusión Afrocubana e mais en concreto estudar o Oro Seco dos Tambores Batá. O que comezou como una casualidade foinos levando a experimentar con outras músicas coma a tradicional pagana cubana ou Guaguankó, e últimamente nas músicas de índole Mandinga ou Otomana, dando lugar á creación dun novo espectáculo de directo no que se mesturan estes estilos con voces ou aparellos electrónicos. Alén de facer soar os tambores tódalas semanas no Monte Belín, temos levado esta experiencia percutiva a lugares coma a Romaría Cultural de Redondela ou a Semente en Augasantas.

PROGRAMA

a determinar

PERCUSIÓNFEST

Venres, 12 de abril de 2024, 20:00 h.
Auditorio Martín Códax do CSMV

CONCERTO COMPARTIDO

Attacca (CMUS Profesional da Coruña), PercuCa (CMUS Profesional do Carballiño), Ensemble de percusión do Conservatorio Municipal Víctor Ureña de Rondonela, Grupo de percusión do CSM da Coruña, Grupo de percusión do CMUS Profesional de Vigo, Grupo de percusión do CSMVigo



